


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

CURSO 2021.22

1º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe
O MOSTEIRÓN

CÍVICOS

ÍNDICE:

- 1.- Introducción páx 2
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave páx 3
- 3.- Concreción para cada estándar: páx 5
 - Temporalización
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
- 4.- Concrecións metodolóxicas páx 10
- 5.- Materiais e recursos didácticos que se van utilizarpáx 12
- 6.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación..... páx 13
- 7.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente páx 15
- 8.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes,
De ser o caso.....páx 17
- 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar
como consecuencia dos seus resultados páx 17
- 10.- Medidas de atención á diversidade páx 18
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso páx 19
- 12.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en
en relación cos resultados académicos e procesos de mellora páx 20
- 13.- Actividades complementarias.....páx 21

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvólense e complétanse o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón, composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A través da área de **valores sociais e cívicos** potenciarase a adquisición de todas e cada unhas delas do seguinte xeito:

Competencias sociais e cívicas (CSC): desde esta área desenvolveranse habilidades sociais que favorecen a convivencia e a resolución pacífica de conflitos, expresando as súas ideas e respectando a dos demais.

Competencia en comunicación lingüística (CCL): a través do desenvolvemento das catro habilidades comunicativas (falar, escoitar, ler e escribir) favorecerase a vida e integración na sociedade do alumnado dunha maneira pacífica e respectuosa.

Competencia para aprender a aprender (CAA): a través de metodoloxías que favorezan a autonomía do alumnado, os nenos e nenas iniciarase na busca das mellores estratexias para a vida en sociedade, relacionarse cos demais dunha maneira correcta respectando as diferencias sen deixar de expresar os seus pensamentos.

Competencia dixital (CD): relacionase co uso seguro e correcto das tecnoloxías da información e comunicación, poñendo en valor actitudes e hábitos de respecto aos demais a través do uso correcto de internet e as redes sociais.

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): relacionada coa habilidade de transformar as ideas en actos, relaciónase coa creatividade, a innovación e a asunción de riscos, así como coa habilidade para planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar os seus obxectivos.

Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): relaciónase co uso da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, polo que esta área contribúe aumentando o vocabulario específico, mellorando os intercambios comunicativos orais que faciliten as relacións sociais, o traballo en equipo, a valoración das ideas alleas ou a busca de solucións ante un problema.

Conciencia e expresións culturais (CEC): favorece a importancia de coñecer, comprender, apreciar e valorar, con espírito crítico,

as diferentes manifestacións culturais e artísticas a través de distintos medios como a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas ca fin de utilizalas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal. A través da área contribuírase a que os nenos recoñezan, aprecien e valoren as herdanzas artísticas e culturais, valorando esta diversidade como algo positivo.

3.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	21-22		
NIVEL	1º PRIMARIA	ÁREA	Valores Sociais e Cívicos (VSC)

Criterio de avaliación	Estándares e mínimos	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa							
VSC-B1.1	1º-VSCB1.1.1 - Expresa a percepción da súa propia identidade.		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións plásticas e orais dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Autodescrición e autorretrato.	CSC
VSC-B1.1	1º-VSCB1.1.2 - Expresa oralmente a súa autodescrición.		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións orais cos alumnos. INSTRUMENTOS: Autodescrición e autorretrato.	CSC CCL
VSC-B1.1	1º-VSCB1.1.3 - Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións plásticas e escritas dos alumnos/as e posta en común. INSTRUMENTOS: traballo específico sobre calidades persoais e físicas.	CSC CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA VALORES SOCIAIS E CÍVICOS DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

VSC-B1.2	1º-VSCB1.2.1 - Identifica e comunica as súas emocións.	Identifica e comunica as súas emocións.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións plásticas, orais e escritas dos alumnos/as</p> <p>INSTRUMENTOS: traballos específicos sobre as emocións</p>	CSC CSIEE
VSC-B1.2	1º-VSCB1.2.2 - Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións		X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as sobre as súas producións.</p> <p>INSTRUMENTOS: traballo específico sobre as emocións</p>	CSC CCL
VSC-B1.3	1º-VSCB1.3.1 - Participa na práctica de técnicas de relaxación.	Participa na práctica de técnicas de relaxación.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	CSC CSIEE
VSC-B1.3	1º-VSCB1.3.2 - Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor.		X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	CSC CSIEE CAA
VSC-B1.4	1º-VSCB1.4.1 - Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	CSIEE
VSC-B1.4	1º-VSCB1.4.2 - Analiza e manifesta verbalmente que e como aprendeu.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	CSC CSIEE CAA
Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais							
VSC-B2.1	1º-VSCB2.1.1 - Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal.	Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Observación das producións verbais, faciais e corporais..</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	CCL CSC
VSC-B2.1	1º-VSCB2.1.2 - Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.		X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos.</p> <p>INSTRUMENTOS: caderno de aula e rúbrica.</p>	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.1	1º-VSCB2.1.3 - Emprega a comunicación verbal para		X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p>	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA VALORES SOCIAIS E CÍVICOS DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	comunicar afectos e emocións con amabilidade.					INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSIEE
VSC-B2.2	1º-VSCB2.2.1 - Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.2	1º-VSCB2.2.2 - escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo			X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.2	1º-VSCB2.2.3 - Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CCL CSC
VSC-B2.3	1º-VSCB2.3.1 - Describe oralmente as características de diferentes persoas.			X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as e análise das súas producións. INSTRUMENTOS: Traballo específico sobre características persoais.	CCL CSC
VSC-B2.3	1º-VSCB2.3.2 - Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.			X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as e análise das súas producións. INSTRUMENTOS: Traballo específico sobre emocións e estados de ánimo.	CCL CSC
VSC-B2.4	1º-VSCB2.4.2 - Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.			X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as e análise das súas producións. INSTRUMENTOS: Traballo específico sobre as calidades persoais dos outros/as.	CCL CSC
Bloque 3: A convivencia e os valores sociais							
VSC-B3.1	1º-VSCB3.1.1 - Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social.	Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC CSIEE
VSC-B3.1	1º-VSCB3.1.2 - Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC CSIEE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA VALORES SOCIAIS E CÍVICOS DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	aos compañeiros e compañeiras.					INSTRUMENTOS: Rúbrica.	
VSC-B3.1	1º-VSCB3.1.3 - Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC
VSC-B3.1	1º-VSCB3.1.4 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC CSIEE
VSC-B3.2	1º-VSCB3.2.1 - Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade				X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA CSIEE CSC
VSC-B3.3	1º-VSCB3.3.1 - Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.	Coñece e enumera as normas de convivencia da aula	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática e/ou proba específica INSTRUMENTOS: Rúbrica e/ou proba específica.	CSC
VSC-B3.3	1º-VSCB3.3.2 - Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC CSIEE
VSC-B3.3	1º-VSCB3.3.3 - Fai uso adecuado do material.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC
VSC-B3.4	1º-VSCB3.4.2 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA VALORES SOCIAIS E CÍVICOS DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
 CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

VSC-B3.5	1º-VSCB3.5.2 - Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.				X	PROCEDEMENTOS: Análise dos traballos dos alumnos/as sobre os sinais de tráfico INSTRUMENTOS: Traballo sobre os sinais de tráfico máis frecuentes.	CSC CAA
VSC-B3.5	1º-VSCB3.5.3 - Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.				X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais co alumnado INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC CCL

4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Seguindo a liña de traballo xeral para este curso nas outras materias, empregaremos un enfoque por competencias xerando situacións de aprendizaxe onde favorezamos nos estudantes a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas e variadas que deben conectar coa experiencia, os intereses e a capacidade de reflexión do alumnado. Será , polo tanto, comunicativa, inclusiva, motivadora, activa e participativa. Deberá ser variada e adecuada ás características e a os ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas. Poñeráse especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Empezaremos o curso tratando de atender aqueles aspectos que teñen que ver co coñecemento e a valoración das calidades propias e persoais, e facendo especial fincapé na apreciación positiva das mesmas. No segundo trimestre centrarémonos en aspectos relativos ás relacións interpersoais, a comunicación positiva, a toma de decisións xunto a outras persoas, os amigos ou a familia, promovendo sempre a tolerancia e o respecto. Xa a final de curso abordaranse aspectos dun carácter máis social, responsabilidades que os nenos teñen que ir adquirindo non tanto ante persoas concretas como ante situacións ou institucións, como as normas de tráfico.

En xeral son máis adecuados os métodos participativos e cooperativos e a utilización de recursos suxestivos, como os seguintes:

- Discusión e debate.
- Presentación de modelos e de antimodelos.
- Reforzo positivo de condutas.
- Dramatizacións.
- Lectura e comentario de relatos morais e/ou con carga emocional.
- Traballos persoais.

Aínda que outros anos o máis importante era xerar dinámicas que fomentasen o traballo en grupo, este curso, de novo e ata que cambie a situación causada polo COVID só será posible de xeito oral. Fomentaremos a reflexión e a investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual ao alumnado. Deseñaremos tarefas que supoñan un uso significativo da lectura, da

escritura, das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) e a expresión escrita e oral mediante presentacións orais ou debates.

Actividade lectiva presencial.

A secuencia xeral de traballo desde o inicio de cada tema/ unidade, é a seguinte:

- En primeiro lugar faremos **sesión de motivación** cunha presentación do tema mediante un mural, foto, lámina,... que nos permite detectar coñecementos e experiencias previas coas aportacións orais do alumnado.
- En segundo lugar levamos a cabo unha **introdución explicativa** do tema a tratar mediante visionado de vídeos, láminas, lectura de contos ou textos breves.. .
- A continuación empezaremos a traballar os contidos mediante a realización das **actividades** que poderán ser individuais ou en gran grupo, pero sempre mantendo as normas establecidas nos protocolos do centro.
- Xa por último teremos unha fase de reflexión, buscando a vinculación entre o contido traballado e a realidade.

Actividade lectiva semipresencial.

No caso de que teñamos que combinar o traballo presencial e a distancia, porque parte do grupo ou algún alumno/a estea na casa, a metodoloxía rexerese polos mesmos principios xerais que a presencial. O equipo docente planificará actividades atractivas. O alumnado que deba permanecer na casa e se atope en condicións de saúde, poderá seguir as clases facendo esas actividades que poñeremos ao seu alcance na Aula virtual e terán o noso apoio a través do correo electrónico, Abalar e teléfono.

Actividade lectiva a distancia.

No caso dun novo confinamento ou corentena de todo o grupo, o contacto con alumnado e familia e seguimento das clases, farase a través dos seguintes medios:

- Páxina web do centro e nela, a aula virtual. As familias recibirán a información oportuna sobre os contidos a traballar e cando deben entregar as tarefas rematadas.

Como nos outros escenarios, o profesorado planificará unha secuencia de actividades e recursos que resulte atractiva e motivadora e fará un seguimento e avaliación constante tanto dos avances do alumnado como da propia planificación , para introducir os cambios que sexan necesarios e dar resposta a tódalas necesidades que poidan xurdir.

■ Manteremos o contacto coas familias a través do correo electrónico, Abalar, teléfono ou videochamadas, de ser posible.

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Como adoitamos facer nesta materia, e debido á metodoloxía e ao tipo de contidos que se imparten, faremos moito traballo oral, aínda que tamén en papel, murais e carteis que reflectirán os valores nos que afondaremos..

Entre os materiais que empregaremos, temos:

- Encerado tradicional e dixital.
- Material funxible: folios, cartolinas, lapis e ceras...
- Revistas
- Recursos dixitais como páxinas de contos, audios e videos interactivos, cancións, da fundación Mapfre..
- Biblioteca do centro.
- Ordenador, radio escolar, ..
- Producións plásticas
- Biblioteca de aula e centro
- Xogos didácticos e lúdicos.
- Materiais curriculares de elaboración propia.

6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado **será sistemática, continua, global, formativa e integradora**, polo que terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición de competencias clave.

Terá en conta as avaliacións **inicial, continua, formativa e final** sen esquecer a nosa propia autoavaliación.

Os criterios sobre a avaliación serán os recollidos no Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación

De resultar desfavorable a avaliación, o equipo docente adoptará as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas, coa finalidade de permitir superar as dificultades detectadas, sempre en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS UTILIZADOS
<p>O 100% da nota será a consecución total de todos os estándares que se refiren tanto a contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas, como á realización do traballo na clase e á valoración de actitudes na aula: participación, colaboración, ...(Ver punto 3).</p>	<p>Observación sistemática. Posta en común, intercambios orais cos alumnos/as Análise das producións plásticas, escritas e orais. Resolución e resposta aos traballos específicos Rúbricas Etc..(ver punto 3)</p>

Tanto os estándares, como os mínimos e os procedementos e instrumentos de avaliación, aparecen reflectidos no punto 3 desta programación. A recuperación da materia suspensa terá lugar avaliación a avaliación. A nota da avaliación ordinaria será a mesma nota da terceira avaliación ou máis alta.

En función dos seus resultados, as **cualificacións do alumnado** rexístranse mediante número (1,2,3,4,5,6,7,8,9,10) e do seguinte xeito: In (Insuficiente), SUF (Suficiente), BE (Ben), NT (Notable) e SB (Sobresaínte).

Os criterios de cualificación en caso dun escenario semipresencial ou non presencial seguirán sendo os mesmos da avaliación ordinaria presencial, agás nos estándares que se refiran á participación directa e oral nas actividades da aula. O mesmo sucederá cos instrumentos. Serán os mesmos agás a observación sistemática, algúns intercambios co alumnado, asemblea ou posta en común,, que poderán ser substituídas por fichas, tarefas, actividades ... que deberán ser entregadas no prazo estipulado. Tamén manteremos contacto continuo coas familias e os nenos/as para completar esa información que nos aportan as tarefas realizadas que nos envíen .

REQUISITOS DE PROMOCIÓN

1º- Se un alumno/a é avaliado negativamente nas áreas troncais de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

2º- Se un alumno/a é avaliado negativamente en tres áreas ou máis, sendo unha delas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas, non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para a avaliación da nosa programación e a nosa práctica docente establecemos unha serie de indicadores que son os seguintes:

INDICADORES AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Adecuación aos resultados obtidos na avaliación inicial.
2. Adecuación das actividades ás características e intereses do alumnado.
3. Secuenciación e temporalización dos contidos das unidades didácticas/temas.
4. Realización das actividades programadas.
5. Adecuación destas actividades aos intereses do alumnado.
6. Metodoloxía empregada.
7. Recursos didácticos e materiais empregados.
8. Adecuación dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación.
9. Medidas atención á diversidade adoptadas, de necesitarse.
10. Actividades complementarias e extraescolares levadas a cabo.

En función do análise de todos estes indicadores teremos que ir facendo as modificacións oportunas en calquera dos aspectos recollidos, para optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe. Para iso, na práctica diaria, en cada unidade didáctica e trimestralmente, de ser o caso, tomaranse as decisións que se consideren.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE
PROGRAMACIÓN E PLANIFICACIÓN
<ol style="list-style-type: none">1. A planificación axústase aos estándares de aprendizaxe previstos.2. A planificación ao tempo dispoñible.3. A selección e secuencia de contidos ten en conta as particularidades do alumnado.4. As actividades e as estratexias metodolóxicas foron axeitadas.5. Planifica as sesións de clase de modo flexible.
DESENVOLVEMENTO
<ol style="list-style-type: none">1. Resumimos e repasamos os conceptos básicos antes de pasar aos seguintes.2. Relacionamos conceptos novos, se é posible, cos xa coñecidos.3. Invertemos tempo en aclarar dúbidas e repasar.4. Utilizamos recursos variados para apoiar os contidos na aula e facilitar a súa aprendizaxe.5. Formulamos actividades variadas .6. Promovemos o traballo cooperativo e mantemos unha comunicación fluída co alumnado.7. Damos resposta ao alumnado que presenta diferenzas na aula.
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE
<ol style="list-style-type: none">1. Realizamos a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.2. Identificamos os coñecementos previos do alumnado para tomalos como punto de partida.3. Facemos avaliación continua dos traballos propostos na aula e fóra dela.5. Propoñemos situacións de aprendizaxe integradoras que garantan a

participación de todo o alumnado.

6. Favorecemos os procesos de autoavaliación e coavaliación.
7. Utilizamos diferentes técnicas e instrumentos de avaliación en función das situacións de aprendizaxe formuladas.
8. Mantemos comunicación fluída coas familias sobre o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as.

8.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO

Como nos situamos no primeiro nivel de E.P., non temos alumnado con materias pendentes nin tampouco ningún alumno/a que permaneza un ano máis neste curso, se ben temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que se refire o artigo 71 da lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu axeitado progreso.

9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao inicio de curso comprobaranse os coñecementos previos dos alumno/as mediante unha avaliación inicial cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos. Esta información contará cunha referencia para adecuar o nivel de esixencia dos estándares de aprendizaxe e as orientacións metodolóxicas ó nivel de competencias rexistradas no alumnado. Así mesmo servirá para, unha vez contrastada cos outros mestres do grupo da xunta de avaliación inicial, decidir que medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade se levarán a cabo.

Os instrumentos para realizar dita avaliación poden ser un ou varios dos seguintes:

- Observación sistemática do traballo e actitude nos primeiros días de clase.
- Análise dos informes da etapa e curso anterior, neste caso 6º de Ed.Infantil..
- Probas escritas, xogos orais e observación directa para as competencias lingüística e matemática.
- Observación directa, xogos e actividades orais o resto das materias.

Esta avaliación inicial será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, da elaboración desta programación e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumnado.

O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidades específica de apoio educativo.

No caso de que a raíz da avaliación inicial atopemos alumnado con necesidades de reforzo educativo, levarase a cabo un plan individual adaptando os elementos necesarios. Nun primeiro momento propoñeremos medidas como afianzar aprendizaxes instrumentais que non foron totalmente adquiridas na ed. Infantil, e tratar de afianzar as que empezamos a traballar agora, reforzándoas, tanto na aula como en colaboración coas familias. A medida que avance o curso, poderemos retomar contidos de actividades ou unidades anteriores de ser o caso, cambiando a secuenciación dalgunha tarefa, cambios na avaliación, adaptación das actividades propostas, eliminación das repetitivas prestando axuda na súa realización ou na toma de decisións, dando explicacións mais individualizadas... Se estas medidas resultasen insuficientes buscaríamos o apoio e asesoramento do D.O.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade establecen axuda educativa personalizada como un garante da igualdade de oportunidades para todos os alumnos e alumnas. Esta atención personalizada pode realizarse para a maioría do alumnado no día a día da nosa práctica docente, e debe atender á diversidade de intereses, motivacións e

capacidades dos alumnos e alumnas. Sen embargo, en ocasións, as necesidades educativas dalgúns deles demandan un plan de atención que inclúa actuacións tanto de carácter curricular como organizativo.

Medidas ordinarias.

Son as accións encamiñadas á modificación dos elementos non prescritivos do currículo. Son adaptacións en canto a tempos, actividades, metodoloxía, tipoloxía de exercicios, reforzo educativo... Están destinadas ao alumno/a que en calquera momento do proceso educativo, ou logo dunha avaliación, precise delas para garantir a adquisición das aprendizaxes e contidos fundamentais da materia. Será o mestre desta área co apoio, se cabe, doutro mestre designado polo equipo directivo con dispoñibilidade horaria, o que se encargue de levalo a cabo. O mestre da área deseñará as medidas a tomar, coa orientación do D.O, e informará ao equipo directivo e á familia, e fará un seguimento trimestral do mesmo. Tamén se inclúen nesta categoría os programas de reforzo de actividades encamiñadas á profundización e enriquecemento para aqueles alumnos que amosen un alto rendemento.

Medidas extraordinarias.

Son aquelas medidas que afectan aos elementos prescritivos do currículo e que se levarán a cabo de forma individual co alumno/a unha vez esgotadas as medidas ordinarias de atención á diversidade. No caso de ser necesario, solicitaremos a colaboración do Departamento de Orientación e dos especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe. Tamén contamos coa posibilidade de pedir axuda o E.O.E. (equipo de orientación específica).

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

O D.105/2014, polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia establece no artigo 11 unha serie de elementos transversais, que aínda que son tratados de xeito específico nalgunha materia máis afín, deben ser traballados de forma transversal en tódalas disciplinas: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a

educación cívica e constitucional.

Así pois, en **Valores sociais e cívicos** traballaremos:

- A comprensión lectora a través de diferentes tipos de textos, contos, libros, xornais, búsqueda de información,...
- A expresión oral e escrita con debates, asembleas, presentacións, intercambios de información, expresión de emocións, sentimentos....
- A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación son unha fonte de recursos moi importante na materia, ao tempo que permiten facer actividades online, creación de vídeos, uso da radio do centro, uso da aula virtual...
- Emprendemento e a educación cívica e constitucional está presente na toma de decisións e no desenvolvemento que cada alumno/a fai da actividade poñendo en xogo as capacidades de iniciativa e creatividade. Ademais os contidos relacionados coas normas cívicas e sociais e a súa necesidade e cumprimento, sempre ao nivel de 1º, son obxecto de análise este curso. Tamén cabe dicir que o noso centro participa en varios proxectos como Voz natura, Carreira Enki... que tratan contidos relacionados coa conservación do medio, a responsabilidade social...
- Ademais este ano desenvolveremos un novo PDI relacionado coas diferentes etapas da Historia, no que é moi importante a investigación e o uso das Tic., e que fomenta en por sí tódolos elementos transversais xa citados.

12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA .

No noso centro levamos a cabo mecanismos de revisión, avaliación e modificación destas programacións co fin de optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe do noso alumnado. Para iso, precisamos a coordinación do **equipo docente do nivel**, deste cos **órganos de goberno** (equipo directivo) e cos **órganos de coordinación docente** (CCP, claustro, departamento de orientación).

Respecto aos criterios sobre a **coordinación interna do equipo docente**, pódense considerar os seguintes indicadores:

- Valoración de tarefas realizadas
- Necesidades de coordinación atendidas
- Grao de consecución acadado nos obxectivos propostos ao inicio de curso.

Respecto aos criterios sobre o **desenvolvemento da programación**, repercusións e colaboración co centro, pódense considerar:

- Uso dos recursos do centro
- Intercambio de documentos e materiais co resto do centro
- Adquisición de novos materiais para o centro e para os diferentes niveis.

Todo isto permite planificar as tarefas e actividades, a dotación e distribución de recursos e materiais, manter o ambiente de traballo e a participación, así como mellorar a atención á diversidade. A valoración destes aspectos efectuarase a través diferentes mecanismos:

1) Nas **reunións de niveis**, analizarase o grao de cumprimento da programación, as dificultades que vaian xurdindo e os cambios que se vaian adoptando, que deberán quedar recollidos na correspondente acta de nivel e poderán ser obxecto de debate tamén cos outros niveis, nos **órganos de coordinación docente**.

2) En cada avaliación os **membros do nivel** analizarán a consecución dos obxectivos previstos, as cualificacións do alumnado , as estratexias metodolóxicas, as actividades que se van realizando co fin de optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe.

3) Xa no mes de xuño, na **memoria final del curso**, o equipo docente onde se verá o grao de eficacia obtido ao aplicar a programación durante todo o curso. É pois, na memoria final, onde se determinarán os aspectos que se consideran positivos e os aspectos que se consideran negativos e, polo tanto, alí explicárase o que hai que modificar ou manter: temporalización, materiais empregados, metodoloxía, adecuación dos criterios de avaliación e cualificación, instrumentos e procedementos de avaliación.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Tentaremos realizar, se as circunstancias o permiten, un **roteiro ou andaina** trimestral, para o coñecemento da contorna máis próxima ao noso centro, como xa se fixo a curso pasado, e que foron actividades valoradas moi positivamente por alumnado e familias.
- Tamén participaremos nas **conmemoracións** establecidas na **Orde do 19 de maio de 2021** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia: Día Universal da Infancia, Día contra a violencia de xénero, Día internacional das persoas con discapacidade, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Internacional da educación.....
- Igualmente participaremos noutras **propostas do centro** para este curso, que polo momneto son:
 - Carreira ENKI
 - Programa Voz Natura.
 - Contratos Programa que se van solicitar, no caso de concedelos: Edu-Saúde, Convive-T
 - PDI:A máquina de Tempo.

Estas saídas poden ser modificadas atendendo tanto ao currículo como a situación sanitaria provocada pola COVID 19.